

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ORDE do 6 de xullo de 2018 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.

Mediante a Orde do 23 de febreiro de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* nº 48, do 8 de marzo) convocouse o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Logo de realizada a valoración inicial pola comisión de selección, publicouse no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o baremo provisional dos méritos e a relación provisional de persoas excluídas e a causa da súa exclusión. Logo de revisadas as reclamacións presentadas, con base no disposto polo artigo 7 da citada convocatoria,

DISPOÑO:

Primeiro. Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 8 da citada orde, as persoas seleccionadas deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2018, en réxime de comisión de servizos por un período de un ano e ata un máximo de seis, e con reserva do posto de traballo de orixe.

Terceiro. Contra esta orde, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous



meses ante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Apelidos e nome	DNI oculo	Denominación da praza
Correa Jorge, Javier	****0400*	1. E.E. Antonio Escaño (590214)
Estévez Diéguez, José Manuel	****9854*	1. E.E. Antonio Escaño (591202)
Fernández Martínez, Alfredo E.	****8938*	1. E.E. Antonio Escaño (591202)
Tenreiro Allegue, Vidal	****5532*	2. E.N. da Graña (590101)
Pereira Romero, José Luis	****5110*	2. E.N. da Graña (591201)
Piñeiro Edreira, Ángel	****3938*	2. E.N. da Graña (591201)
Luca de Tena López-Escobar, Iago	****2863*	3. CIFP Coia-Vigo (591206)
Aneiros López, Antonio	****7345*	4. Asesor Abalar. Zona Ferrol
Salgado Álvarez, Ignacio Amando	****5600*	4. Asesor Abalar. Zona Allariz
Blanco Madernaz, Antonio	****9508*	4. Asesor Abalar. Zona O Barco
Iglesias Diz, Xosé Manuel	****4710*	4. Asesor Abalar. Zona Tui
Anido Canedo, Julio	****7694*	5. Asesor Abalar Xade
García Rodríguez, César Valentín	****3593*	6. Asesor Abalar Desenvolvemento
Varela Gestoso, Fernando	****4562*	6. Asesor Abalar Desenvolvemento
Ortigueira Hermida, Matilde Isabel	****9705*	7.1. Complexo Hospitalario Pontevedra
Porta Rodríguez, María Pilar	****3789*	7.2. Hospital Arquitecto Marcide Ferrol
Patiño Grela, Víctor Manuel	****3725*	8. IES Sabón (591201)
Pita Graña, Alberto	****1515*	8. IES Sabón (591226)
Lage Gil, Eva María	****3662*	9. Convenio ONCE
Darriba Rodríguez, Lucía	****3570*	10. Coordinador/a escolarización poboación marxinada

